

ACORDO DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE ADMISIÓN AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS DE GRAO.

- Curso 2022-23-

O presente acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia (SUG) está baseado na lexislación vixente: Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, (BOE nº 138, de 7 de xuño) polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao; Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro; Orde PCM/58/2022, de 2 de febreiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, e as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2021/2022 (BOE do 4 de febreiro de 2022); a RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2022, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para realizar, dentro do curso 2021/22, a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) no curso 2022/23 (DOG do 22 de febreiro de 2022), e supletoriamente, no que resulten compatibles co novo marco normativo, pola Orde de 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia.

O RD 412/2014, de 6 de xuño de 2014 (BOE nº 138, de 7 de xuño), de acordo coa nova redacción do artigo 38 da Lei Orgánica 2/2006 dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) establece que *son as Universidades as que determinan, de conformidade con distintos criterios de valoración, a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao daqueles estudantes que obtivesen a titulación que dá acceso á universidade*, admisión que, segundo o establecido no artigo 2.b) do dito RD 412/2014, pode facerse de forma directa previa solicitude de praza, ou a través de *procedementos de admisión* que as universidades podan utilizar *para valorar os méritos* dos candidatos e candidatas ás prazas ofertadas.

O punto 4 do artigo 7 do RD 412/2014 establece que *as Universidade públicas farán públicos os procedementos* que vaian aplicar para a admisión ás distintas ensinanzas universitarias oficiais de Grao, *o seu contido, regras de funcionamento* e as *datas* de realización dos mesmos, así como os *criterios de valoración* e a súa *ponderación e baremos*, e as *regras para establecer a orde de prelación* na adxudicación de prazas que vaian aplicar. Así mesmo, o punto 1 do artigo 5 do antedito real decreto establece que a admisión levarase a cabo *con respecto aos principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade*.

Pola súa banda, o artigo 8 do mesmo real decreto establece que lles corresponde ás Universidades adoptar cantas decisións sexan necesarias para a aplicación dos ditos procedementos de admisión, así como establecer mecanismos de coordinación entre elas; *podendo acordar a realización conxunta de todo ou parte dos procedementos de admisión*, así como o *recoñecemento mutuo dos resultados das valoracións levadas a cabo* nos procedementos de admisión. As ditas decisións deberán ser comunicadas á Conferencia General de Política Universitaria e ao Consejo de Universidades.

O punto 2 do Artigo 3 do RD 412/2014 sinala que, no ámbito das súas competencias, as Administracións educativas poderán coordinar os procedementos de acceso ás Universidades do seu territorio. En consonancia co anterior, o artigo 11 da Lei 6/2013, do 13 de xuño (DOG nº 125, de 3 de xullo de 2013) do Sistema Universitario de Galicia (SUG), establece no seu punto 1 que para os efectos do ingreso nos centros universitarios, **as universidades públicas** integrantes do SUG **constitúense nun distrito único** para os estudos de Grao e Máster.

Do dito nos parágrafos anteriores e de acordo co establecido no convenio asinado polos reitores das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG) en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria con data do 12 de marzo de 2001, e das competencias conferidas á Comisión interuniversitaria de Galicia (CiUG) polas universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, acórdase que sexa a dita Comisión interuniversitaria a encargada de establecer a normativa relativa aos *procedementos de admisión* ás distintas ensinanzas universitarias oficiais de Grao do SUG, o seu contido, regras de funcionamento e as datas de realización dos ditos procedementos, así como os criterios de valoración e a súa ponderación e baremos, e as regras para establecer a orde de prelación na adxudicación de prazas das ensinanzas oficiais de Grao das universidades de Coruña, Santiago de Compostela, e Vigo conforme ás seguintes **BASES**.

Primeira ACCESO AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS DE GRAO NO SUG

Segundo o Artigo 3 do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, poderán acceder aos estudos universitarios oficiais de Grao nas Universidades españolas, nas condicións que para cada caso se determinen no dito Real Decreto 412/2014, aqueles que reúnan algún dos seguintes requisitos:

Estudantes dos colectivos A) a I) seguintes:

1.- Estudantes en posesión do título de Bacharelato ou de títulos oficiais de Técnico/a Superior de Formación Profesional, de Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico/a Deportivo Superior pertencente ao Sistema educativo español ou equivalente.

A) Alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español ou outro declarado equivalente que teñan superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) ou –no seu caso- a Proba de Acceso á Universidade (PAU). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será igual á suma da Nota Media de Bacharelato (NMB) cun valor do 60%, máis a Nota da Fase Obrigatoria da ABAU (NFO) ou, no seu caso, da Nota de Fase Xeral da PAU (NFX) con un valor do 40%.

$$NAU (\geq 5) = NMB \times 0.6 + NFO \text{ ou } NFX \times 0.4$$

B) Alumnado do sistema educativo español que estivesen en condicións de acceder

á universidade segundo ordenacións do Sistema educativo español anteriores á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembre (COU e LOGSE con PAU e COU anterior a 1974-1975, e plans anteriores). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a nota definitiva de acceso (NDA) que tiveren no seu día.

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NDA}$$

C) Alumnado en posesión dos títulos oficiais de Técnico/a Superior de Formación Profesional, de Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico/a Deportivo Superior pertencente ao Sistema educativo español. A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será igual á nota media da súa titulación ou diploma correspondente (NMTS).

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NMTS}$$

2.- Estudantes con estudos estranxeiros.

D) Alumnado en posesión do título de **Bacharelato Europeo** en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e o alumnado que obtívase o **Diploma de Bacharelato Internacional**, expedido pola Organización de Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da credencial (NC) expedida pola UNED ou órgano competente equivalente.

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{UNED}$$

E) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato procedentes de sistemas educativos de Estados membros da **Unión Europea** ou de **outros Estados** cos que se teñan subscrito **acordos internacionais** aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade (Art. 9.1.b) e 9.2.b) do RD 412/2014). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da credencial (NC) expedida pola UNED ou órgano competente equivalente.

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{UNED}$$

F) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema educativo español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que **non** sexan **membros da Unión Europea** cos que **non** se teñan subscrito **acordos** internacionais para o recoñecemento do título de Bacharelato en réxime de reciprocidade, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño (Art. 9.2.c) do RD 412/2014). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota proporcionada pola súa credencial (NC) expedida pola UNED ou órgano competente equivalente ou homologación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{MECD, CEUFP ou UNED}$$

G) Alumnado estranxeiro en posesión dos títulos diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos oficiais de Técnico/a Superior de Formación Profesional, de Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico/a Deportivo Superior pertencente ao sistema educativo español, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño. A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota proporcionada pola súa credencial (NC) expedida pola UNED ou órgano competente equivalente ou homologación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

NAU (≥ 5) = NC - MECD, CEUFP ou UNED

H) Alumnado en posesión de **títulos, diplomas ou estudos, diferentes** dos equivalentes aos títulos de Bacharelato, Técnico Superior de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior do Sistema educativo español, **obtidos** ou realizados nun Estado membro da **Unión Europea** ou noutros **Estados** cos que se teñan subscrito **acordos internacionais aplicables** a este respecto, en réxime de reciprocidade, cando o dito alumnado **cumpra os requisitos académicos** esixidos en dito Estado membro para acceder ás súas Universidades, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño. A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota media dos estudos cursados certificados na credencial da UNED (NC) ou órgano competente equivalente.

NAU (≥ 5) = NC - UNED

I) No caso do alumnado dos puntos F), G) ou H) que, en base ao artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño, acrediten ter presentado a correspondente solicitude de homologación e estean pendentes de que se resolva, a súa admisión é provisional e queda condicionada a que dita homologación sexa positiva. No caso de alumnado con estudos estranxeiros que teña realizada a homologación do equivalente ao primeiro de bacharelato e continúe a cursar estudos de segundo de bacharelato no estranxeiro, calcularase a cualificación media entre a correspondente a primeiro de bacharelato e un total de cinco puntos para os estudos de segundo de bacharelato, mentres non se dispoña da equivalencia de segundo de bacharelato.

3.- Porcentaxes de reserva de prazas (Cotas).

K) **Cota M25:** *Persoas maiores de vinte e cinco anos (M25) que superen a proba de acceso establecida na Sección 1ª do Capítulo IV do RD 412/2014 e que non posúan ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías.*

L) **Cota M45:** *Persoas maiores de corenta e cinco anos (M45) que superen a proba de acceso establecida na Sección 3ª do Capítulo IV do RD 412/2014 organizada pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) e que non posúan ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías.*

M) **Cota Titulados:** *Persoas en posesión dun título universitario oficial de Grado, Máster ou título equivalente e/ou alumnado en posesión dun título universitario oficial de diplomatura universitaria, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias ou título equivalente. No caso de titulados estranxeiros/as, incluídos os do EEES, o título ten que estar homologado ou ter a declaración de equivalencia á titulación ou nivel académico antes da finalización do prazo de preinscrición para titulados/as.*

Segunda PROCEDIMENTOS DE ADMISIÓN AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS DE GRAO NO SUG

4.- Para os estudantes do colectivo xeral, a ordenación en cada un dos estudos universitarios oficiais de Grao nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia farase en función da **Nota de Admisión**, que poderá chegar ata un máximo de 14 puntos.

Con carácter xeral, a **Nota de Admisión** establecerase mediante a suma da Nota de Acceso á Universidade (NAU) e a cualificación vinculada ao Grao, resultante das

ponderacións (0.1 ou 0.2) sobre a cualificación acadada nas materias obxecto de exame na Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria da proba ABAU, no caso de que as devanditas materias fosen aprobadas cunha nota mínima de 5.0, de acordo coa táboa de ponderacións que figura como Anexo I establecida polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2022-23. O resultado da Cualificación vinculada ao Grao ($M1 \times 0.1$ ou $0.2 + M2 \times 0.1$ ou 0.2) será dun máximo 4 puntos. A cualificación obtida na parte voluntaria terá unha duración máxima de 2 cursos académicos, de xeito que para o curso 2022-23 só se terán en conta os resultados obtidos nas ABAU de 2022 ou de 2021.

4.1.- *Para o estudiantado de Bacharelato LOMCE que supere a proba de avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU):*

Nota de admisión = $0,6 \times NMB + 0,4 \times CPO + a \times M1 + b \times M2$	
NMB =	Nota media do bacharelato
CPO =	Cualificación da Parte Obrigatoria da proba de avaliación do bacharelato para o acceso á Universidade
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examínase o alumno/a na Parte Voluntaria da ABAU e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente á Parte Obrigatoria da ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria da ABAU, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

Cando se produza empate para a adxudicación de prazas, terá opción preferente o estudiantado que na fase xeral da proba de acceso á universidade elixise unha materia de modalidade vinculada á rama de coñecemento do ensino a que se solicita acceder -Art. 49.1 apartado a) da Orde do 24 de marzo de 2011, DOG 4-4-2011-.

4.2.- *Para o estudiantado de bacharelato que superase a PAU regulada polo RD 1892/2008, do 14 de novembro:*

Nota de admisión = $0,6 \times NMB + 0,4 \times CFX + a \times M1 + b \times M2$	
NMB =	Nota media do bacharelato
CFX =	Cualificación da Fase Xeral da PAU
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examínase o alumno/a na Parte Voluntaria da ABAU e/ou da materia troncal de modalidade correspondente á Parte Obrigatoria da ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria da ABAU, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

Cando se produza empate para a adxudicación de prazas, terá opción preferente o

estudiantado que na fase xeral da proba de acceso á universidade elixise unha materia de modalidade vinculada á rama de coñecemento do ensino a que se solicita acceder -Art. 49.1 apartado a) da Orde do 24 de marzo de 2011, DOG 4-4-2011-.

4.3.- *Para estudiantado en posesión dos títulos de Técnico/a Superior de Formación Profesional, Técnico/a Superior Deportivo ou Técnico/a Superior en Artes Plásticas e Deseño a que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, ou títulos equivalentes:*

O alumnado que estea en posesión dos títulos de Técnico/a Superior de Formación Profesional, Técnico/a Superior Deportivo ou Técnico/a Superior en Artes Plásticas e Deseño ou títulos equivalentes, poderán acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, sen necesidade de proba. Aquelas persoas que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Parte Voluntaria da ABAU. Neste caso, as universidades do SUG utilizarán para a adxudicación de prazas a **nota de admisión** que corresponda, que se calculará coa seguinte formula:

Nota de admisión = NMTS + a * M1 + b * M2	
NMTS =	Nota media do Ciclo Formativo de Grao Superior
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Parte Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de acceso das que se examinase o alumno/a que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria da ABAU para o acceso á Universidade que proporcionen mellor nota de admisión.

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria da proba ABAU, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

En todo caso, cando se produza empate para a adxudicación de prazas, terán opción preferente o estudiantado con títulos adscritos ás ramas de coñecemento nas que se achen as ensinanzas de grao que desexen cursar –Art. 49.1 apartado c) da Orde do 24 de marzo de 2011, DOG 4-4-2011-

4.4.- *Para estudiantado que teña superada a PAU segundo normativas anteriores á establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio:*

A **nota de admisión** será a cualificación definitiva para o acceso á universidade que obtivesen no seu momento. Non obstante o anterior, aquelas persoas que queiran aumentar a súa nota de admisión poderán presentarse á Parte Voluntaria da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, e a nota de admisión calcularase do seguinte xeito:

Nota de admisión = CDAU + a * M1 + b * M2	
CDAU =	Cualificación definitiva de acceso acadada con anterioridade.
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Parte Voluntaria da ABAU das que se examinase o alumno/a que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte

Voluntaria da ABAU, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

4.5.- *Estudantado que se atope en posesión do título de **Bacharelato Europeo** en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e estudantado que obtívese o **Diploma de Bacharelato Internacional**, expedido pola Organización de Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza).*

A súa **nota de Acceso** será a **Nota da credencial** expedida por la UNED ou órgano competente equivalente. Aquelas persoas que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. De ser o caso, a súa **Nota de Admisión** incorporará:

- A ponderación dun máximo de dúas das materias das que se examinase na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria da ABAU das que se examinase o alumno/a, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Proba de Competencias Específicas organizada pola UNED (PCE-UNED) ou –de ser o caso- da Parte Voluntaria da proba ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.6.- *Estudantado en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de **Bacharelato procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea** ou de outros **Estados** cos que haxa subscrito **acordos internacionais aplicables ao respecto, en réxime de reciprocidade.***

A súa **nota de Acceso** será a **Nota da credencial** expedida por la UNED ou órgano competente equivalente. Aquelas persoas que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. A súa **Nota de Admisión** incorporará:

- A ponderación dun máximo de dúas das materias das que se examinase na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria da ABAU das que se examinase o alumno/a, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da PCE-UNED ou –de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.
--------	---

4.7.- *Estudantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos diferentes ao título de Bacharelato, Técnico/a Superior de Formación Profesional, Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico/a Deportivo Superior do Sistema educativo español, procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou de outros Estados cos que haxa subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, en réxime de reciprocidade.*

A súa **nota de Acceso** será a **Nota da credencial** expedida por la UNED ou órgano competente equivalente. Aquelas persoas que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. A súa **Nota de Admisión** incorporará:

- A ponderación dun máximo de dúas da materias das que se examinase na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria das que se examinase o alumno/a na proba ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da PCE-UNED ou –de ser o caso- da Fase Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.8.- *Estudiantado con estudos estranxeiros en posesión dos títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos oficiais de Técnico/a Superior de Formación Profesional, de Técnico/a Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico/a Deportivo Superior pertencente ao Sistema educativo español, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño.*

A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota proporcionada pola súa credencial (NC) de avaliación ou homologación polo Ministerio de Educación, da credencial da UNED ou órgano competente equivalente.

Aquelas persoas que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. A súa **Nota de Admisión** incorporará:

- A ponderación de ata dúas materias da Proba de Competencia Específicas (PCE) organizada pola UNED das que se examinase o alumno/a e proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria das que se examinase o alumno/a na proba ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente

M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da PCE-UNED ou –de ser o caso- da Fase Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.9.- *Estudantado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharelato do sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de **Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se teñan subscrito acordos internacionais** para o recoñecemento do título de Bacharelato en réxime de reciprocidade, homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema educativo español.*

Para este estudantado a **Nota de Acceso** será a **Nota proporcionada na súa credencial de avaliación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a credencial da UNED ou do órgano competente equivalente.**

Aquelas persoas que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) **deberán presentarse** á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Fase Voluntaria da ABAU. A súa Nota de Admisión incorporará:.

- A ponderación de ata dúas materias das que se examinase o alumno/a na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria das que se examinase o alumno/a na ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG.

Nota de admisión = NC-MECD + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da PCE-UNED ou –de ser o caso- da Fase Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

Terceira CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DO SUG

5.- **Distribución de prazas entre os distintos colectivos.** Segundo o establecido no artigo 22 do RD 412/2014, de 7 de xuño, as Universidades establecerán a orde de prelación na adxudicación das prazas, respectando as porcentaxes de reserva de prazas recollidos nos artigos 24 ao 28 do Capítulo V do dito Real Decreto.

5.1.- As prazas da **Cota Xeral** adxudicaranse ao estudantado que reúna algún dos requisitos establecidos no Procedemento de admisión (punto 4), atendendo a súa Nota de Admisión.

5.2.- Só poderá optar aos **dobres graos** o estudantado que reúna os requisitos legais de acceso e admisión para ambos graos. Por tratarse de ensinanzas non rexistradas no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), nas Simultaneidades de Estudos de Grao só se ofertarán prazas pola Cota Xeral. Non se ofertarán prazas polas cotas de reserva, salvo para o estudantado do colectivo xeral con discapacidade.

5.3.- **Cotas de reserva:** Reservarase unha porcentaxe do total de prazas que para cada título e centro oferten as universidades para as cotas de reserva que se sinalan a continuación:

a) **Cota M25: *Persoas maiores de 25 anos*:** Segundo o establecido no artigo 24 do RD 412/2014, de 7 de xuño, para o estudiantado que superase a proba de acceso á universidade para Maiores de 25 anos de idade, reservarase un 2 por 100 do total de prazas que para cada título e centro oferten as Universidades.

A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da súa Proba de Acceso á Universidade para Maiores de 25 anos (NPAU-M25). Dentro da súa cota terán preferencia na admisión nas universidades do Sistema Universitario Galego o estudiantado que teña realizado a proba de acceso na CiUG e na rama de coñecemento vinculada á opción escollida na fase específica.

$$NAU (\geq 5) = NPAU-M25$$

b) **Cota M45: *Persoas maiores de 45 anos*:** Segundo o establecido no artigo 25 do RD 412/2014, de 7 de xuño, para o estudiantado que superase a proba de acceso á universidade organizada pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) para Maiores de 45 anos de idade, reservarase un 2 por 100 do total de prazas que para cada título e centro oferten.

A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da súa Proba de Acceso á Universidade para Maiores de 45 anos (NPAU-M45).

$$NAU (\geq 5) = NPAU-M45$$

c) **Cota Titulados/as: *Persoas tituladas universitarias*:** Segundo o establecido no artigo 28 do RD 412/2014, de 7 de xuño, para o estudiantado que xa estea en posesión dunha titulación universitaria oficial ou equivalente, reservarase un 1 por 100 do total de prazas que para cada título e centro oferten.

A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a nota media do título universitario oficial correspondente (NMTU) ou, no caso de que presente un título de máster, a nota media ponderada, en función do número de créditos, resultante da nota media do máster e do título universitario oficial que o faculte para o acceso as ensinanzas de Máster.

$$NAU (\geq 5) = NMTU$$

ou

$$NAU (\geq 5) = (NMTG \cdot N^{\circ}CG + NMTM \cdot N^{\circ}CM) / (N^{\circ}CG + N^{\circ}CM)$$

NMTG e N^oCG indican, respectivamente, a Nota media e o número de créditos dos estudos de Grao ou do título universitario oficial que o faculte para o acceso as ensinanzas de Máster, e NMTM e N^oCM indican, respectivamente, a Nota media e o número de créditos dos estudos de Máster.

A estes efectos, no caso de títulos distintos dos de grao consideraranse as diplomaturas e Enxeñerías Técnicas como Titulacións de 180 créditos e as licenciaturas como Titulacións de 300 créditos.

Está incluído neste colectivo de titulados os que teñan homologado ou declarada a equivalencia a titulación ou nivel académico en base ao disposto no Real Decreto 967/2014. Neste caso se a homologación ou a declaración de equivalencia á titulación ou

nivel académico non ten asignada unha nota do expediente a súa nota de acceso será un 5,000.

d) Cota Discapacidade: *Estudiantado do colectivo xeral con discapacidade ou con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade*: Para o estudiantado do colectivo xeral (estudiantado que reúna algún dos requisitos establecidos no punto 4 deste procedemento de admisión) que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100, así como para aqueles/as estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que durante a súa escolaridade anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa, reservarase o 5 por 100 das prazas totais de cada ensinanza universitaria. Esta reserva tamén se realizará nos dobres graos e graos abertos.

A tal efecto, o estudiantado do colectivo xeral con discapacidade ou con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade deberán presentar o correspondente certificado de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de procedencia do interesado/a.

e) Cota Deportistas: *Deportistas de Alto Nivel ou de Alto Rendemento*: Para os deportistas de alto nivel ou de alto rendemento que acrediten esta condición, reservarase o 3 por 100 das prazas totais de cada ensinanza universitaria, agás nos casos das ensinanzas universitarias oficiais de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e grao en Fisioterapia en que se reservará un 8 por 100 do total. As prazas reservadas para este colectivo adxudicaranse tendo en consideración o descrito no artigo 2 do Real Decreto 971/2007, de 13 de xullo, BOE do 25 de xullo de 2007, nomeadamente

1º) Deportistas de Alto Nivel incluídos nas resolucións adoptadas ao efecto polo Secretario de Estado-Presidente do Consello Superior de Deportes (Artigo 2.2. do RD 971/2007, de 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento). Dentro deste grupo a prelación será a Nota de Admisión.

2º) Deportistas de Alto Rendemento (Artigo 2.3. do RD 971/2007, de 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel y alto rendemento). Dentro deste grupo, terán preferencia, de acordo co citado artigo, os deportistas incluídos no apartado a) sobre os do b), os o b) sobre el c), os do c) sobre os do d), e así sucesivamente. Dentro da mesma letra a prelación será a Nota de Admisión.

Para poder inscribirse na cota de Deportistas de alto Nivel e Alto Rendemento é necesario entregar a seguinte documentación xustificativa:

- os/as Deportistas de Alto Nivel deben presentar copia da resolución do "Secretario de Estado-Presidente do Consello Superior de Deportes que recoñeza a súa condición de deportista de alto nivel indicando a data de publicación de dita resolución no «Boletín Oficial do Estado».

- os/as Deportistas de Alto Rendemento deben presentar a "acreditación da cualificación de deportista de alto rendemento realizada polo Consello Superior de Deportes ou a comunidade autónoma, segundo corresponda, indicando na mesma en base a que "letra a), b), ..., g)" do Artigo 2.3. están acreditados como deportistas de alto rendemento.

- os/as Deportistas de Alto Rendemento que xustifiquen tal condición pero que non xustifiquen no prazo establecido a "letra a), b), ..., g)" do Artigo 2.3. pola que están acreditados" serán incluídos dentro da letra g).

f) Cota Deportistas Galegos: *Persoas deportistas, de alto nivel e de alto rendemento*

deportivo, e persoas adestradoras e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras galegas de alto nivel deportivo: Reservarase unha porcentaxe do 2 por 100 das prazas nas ensinanzas universitarias oficiais de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte para as persoas que sexan recoñecidas en base o ***Decreto 165/2020 do 17 de setembro de 2020 (DOG de 29 de setembro)***

Os/As deportistas da cota e) e da cota f) estarán exentos da realización das probas específicas de acceso ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

No caso dos titulados universitarios e alumnado coas Probas de Acceso á Universidade para maiores de 25 ou 45 anos superadas, haberá un único prazo de solicitude correspondente á convocatoria ordinaria. As prazas obxecto de reserva destas cotas que queden sen cubrir acumularanse ás ofertadas pola cota xeral.

As prazas obxecto de reserva da cota e) e da cota f) manteranse nas diferentes convocatorias de prescrición que se realicen (artigo 27 do Real decreto 412/2014 e artigo 23 do Decreto 165/2020). Tamén se manterán nas diferentes convocatorias as prazas de reserva para estudantes con discapacidade.

Aqueles solicitantes que reúnan os requisitos para solicitar praza pola cota xeral e polas cotas de reserva para Titulados, Deportistas e Persoas con discapacidade ou NEEP poderán facer uso de dita posibilidade.

6.- Orde de prelación na adxudicación das prazas.

Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, en que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades adxudicarán as prazas atendendo aos seguintes criterios:

1º) En primeiro lugar, adxudicaranse prazas ao estudantado que presente a súa solicitude de admisión para o ingreso na convocatoria ordinaria.

2º) En segundo lugar, adxudicaranse prazas ao estudantado que presente a súa solicitude de admisión para o ingreso na convocatoria extraordinaria.

O alumnado que presente a súa solicitude de admisión para o ingreso na convocatoria extraordinaria, terá a mesma consideración na adxudicación de prazas que o alumnado que aprobe a Proba de ABAU na convocatoria extraordinaria, aínda que superase a proba de acceso á universidade ou os estudos que o habiliten para acceder á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en anos anteriores. O alumnado que presente a súa solicitude na convocatoria ordinaria non poderá presentala na extraordinaria.

7.- Asignación de prazas.

7.1.- A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada ensinanza universitaria en cada un dos prazos de matrícula que se establezan. A cada estudante asignaráselle a ensinanza universitaria de maior preferencia que lle corresponda en función da cota pola cal se solicita o acceso e tendo en conta, en todo caso, a orde de prelación, os criterios de valoración e a preferencia para a adxudicación de prazas establecidos.

7.2.- En cada prazo de matrícula publicarase a relación de estudantes convocados/as para matricularse en cada ensinanza universitaria, indicando os lugares e as datas para formalizar a matrícula. Os/As estudantes convocados/as para matricularse na ensinanza universitaria solicitada en primeiro lugar de preferencia, deberán matricularse no prazo establecido para o efecto; de non facelo perderán os seus dereitos de matrícula nesa convocatoria. Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumnado solicite

en primeiro lugar, ou en lugares sucesivos se as ensinanzas universitarias solicitadas por enriba dela esgotaron as súas prazas.

A CiUG, mediante a aplicación informática NERTA da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que xestiona todo o proceso, remitirá telematicamente a cada universidade os datos persoais e académicos do estudiantado convocado a matricularse nela en cada prazo. Finalizado o prazo de matrícula, cada universidade remitirá telematicamente ós xestores da aplicación informática NERTA a relación de estudantes matriculados/as.

7.3.- Na convocatoria extraordinaria non se ofertarán prazas nas ensinanzas universitarias que teñan a matrícula cuberta na convocatoria ordinaria, ou aquelas nas que, tendo en conta a matrícula existente e a correspondente listaxe de agarda de solicitantes, a CiUG considere que existen datos obxectivos que permitan prever esa circunstancia. En todo caso, non se poderán deixar prazas vacantes previamente ofertadas mentres existan solicitudes formalizadas dentro dos prazos establecidos.

7.4.- As universidades poderán establecer condicións ou probas especiais para o acceso a determinadas ensinanzas. Estas condicións ou probas especiais deberán ser incluídas polas universidades na memoria do plan de estudos verificado e autorizado.

7.5. O alumnado poderá presentar reclamación á súa asignación de prazas a través do formulario da páxina Web da CiUG. A dita reclamación irá dirixida ao presidente da CiUG e a resolución da reclamación será asinada polo delegado/a na CiUG do reitor da universidade en que se imparta a ensinanza universitaria obxecto da reclamación. O resultado comunicaráse ao interesado ou interesada a través das listaxes de asignación de prazas ou dunha notificación persoal e indicarse, se é o caso, o prazo para matricularse.

Contra a resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia CiUG, que porá fin á vía administrativa. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.

No caso de presentar recurso contencioso-administrativo, a Administración demandada será a universidade responsable da ensinanza universitaria en que o/a estudante solicita o ingreso.

O presente acordo entrará en vigor na data da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.